

Tesouros

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Micromitos 026: A Fonte Pormás

Antón Fraguas publicou "As lëndas da Fonte Pormás" en *Nós*, 108 (1932) cando era un mozo de 25 anos pero xa amosaba un coñecemento profundo da nosa mitoloxía, en particular da relacionada coas augas.

Son tres as lendas. A primeira fala do intento por conseguir o tesouro agochado na fonte, a segunda dun rito de encantamento con final feliz e a terceira doutro pero con consecuencias nefastas.

Nunca estiven na Fonte Pormás. Busquei e rebusquei en internet unha proba da súa realidade pero non a atopei. Comecei a sospeitar que perecera devorada pola ansia dalgunha obra e acudín a Xurxo Broz e Cristina Vázquez, traballadores do Museo Terra de Melide, para pedirilles —eran días de mobilidade limitada— que a localizasen.

Faltoulles tempo! Confirmáronme que a Fonte Pormás existe e resiste pero ensumida na maleza, asfixiada baixo un pedregal de recheo na divisoria entre as parroquias de Castañeda e Vilantime, no concello de Arzúa!

Pola memoria de Fraguas e a do seu informante principal, un buscador de tesouros chamado Manuel Cardelle Conde, resucitemos a Fonte Pormás!

Outro día contareilles as lendas.

«⇔»

Serie: *Micromitos* **Publicación:** *Nós Diario*, 6 de outubro de 2020.

Locución audio: *Rocío Romero Otero*